

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2015/09

CARÁCTER: EXTRAORDINARIO.

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 27 de xullo de 2015

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo **sendo as 20,30 horas do día 27 de xullo de 2015** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia
Dona María Luz Alvarez Lastra
D. Vicente Castro Reigosa (**excusa**)
D^a Ana María Martínez Fernández (**incorpórase**)
D.Xosé Farruco Graña Rama
Dona María Sonia Meilán Vizoso
D.David Rivas Peña
Dona María da Paz Ermida Igrexas
D.Jorge Díaz Freije
Dona Vanesa Yanes Rivas

Por Partido Popular

D.Jesús López Penabad
Dona María Rosina Tosar López
D.José Juan Estevez Fernández
D.José María Suárez García

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D.Roberto Ramos Piñeiro
D. David Fernández Feijoo

Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A.Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D. José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28

de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

De xeito previo o Sr.Alcalde disculpa a inasistencia do Concelleiro Sr.Castro Reigosa e indica que a Concelleira Sra. Martínez Fernández se vai incorporar en breve.

1.-PLAN ECONÓMICO -FINANCEIRO DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2014.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 21 de xullo de 2015 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a proposta de Plan económico-financeiro subscrita polo Alcalde da corporación no día 10/05/2015 que figura no expediente, cuxa necesidade ten a súa orixe no resultado da liquidación do Orzamento Xeral para o exercicio 2014, do que se deduce o incumprimento da regra de gasto.

Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira, e no artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 17 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Considerando que a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, contestando a consultas formuladas sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto ante a necesidade de incorporación de remanentes de crédito financiados con remanente de tesourería afectado, situación na que se atopa o Concello de Ribadeo, sinala que: “(...) a recuperación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería afectado lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida”.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 20/05/2015 sobre a aprobación do presente plan e o Informe de intervención de data 31/03/2015 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na liquidación do Orzamento xeral do exercicio 2014

Á vista do exposto, esta Alcaldía, proponlle ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO. Quedar decatado do resultado da avaliación da regra de gasto efectuada pola Intervención mediante Informe de data 31/03/2015, emitido con ocasión da liquidación do Orzamento xeral do exercicio 2014

SEGUNDO. Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de Ribadeo nos termos que constan no expediente e que se considera parte integrante do presente Acordo.

TERCEIRO. Proceder á comunicación do plan económico-financeiro aprobado ao órgano

competente de tutela financeira da Comunidade Autónoma, de acordo co sinalado no artigo 21.3 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, e, a efectos meramente informativos, publicar o plan económico-financieiro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, unha copia do Plan encontrarase a disposición do público desde a súa aprobación até a finalización da súa vixencia.”

A instancia da Alcaldía o Interventor municipal explica resumidamente o asunto.

Por parte do Concelleiro D.José Juan Estévez do Grupo Popular fórmulanse unha serie de preguntas acerca da débeda pendente, remanente de tesorería, etc. que son respostadas tanto polo Sr.Interventor como por Secretaría e polo Concelleiro Delegado de Facenda Sr. Castro Reigosa.

Rematada a deliberación, a Comisión Informativa por cinco votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e catro abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular, unha do PSG-PSOE e outar da Concelleira do Grupo Mixto) acorda ditaminar favorablemente para a súa elevación ao Pleno Municipal a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma.”

Interveñen brevemente a Sra.Saiz García e Ramos Piñeiro voceiros respectivamente dos Grupos municipais Mixto e PSG-PSOE que fan diferentes observacións sobre algúns dos aspectos do Plan.

Por parte do Grupo Popular intervéñen o Concelleiro Sr. Estévez Fernández que se refire ao exercicio económico sinalando que se elaborou un informe por Intervención, que se incumpe a regra de gasto, que non coincide a desviación do financiamento coa unidade de xestión.

Manifesta tamén que non lles consta (ao Grupo Popular) acreditado con carácter previo a existencia de crédito para levar a cabo todo gasto que se realiza no Concello o que pode orixinar responsabilidades para as autoridades e funcionarios.

Refírese tamén a outras cuestións e sinala que haberá que abrir un expediente para axustar a contabilidade.

No exercicio de 2014 non consta que fora cumprido o trámite de tarifas para actividades culturais ou similares.

Referentee aos ingresos en materia de ocupación de vía pública con elementos lucrativos no período de festas patronais seguen sen constar os ingresos.

Propoñen corrixir eses puntos antes de aprobar a conta xeral e significa que a non actuación sobre eses puntos produciría máis débeda.

Toma a palabra o Sr.Alcalde para indicarlle ao voceiro do Grupo Popular que non se está a tratar da Conta Xeral do exercicio anterior senon que o punto da Orde do día é o Plan Económico financieiro derivado da liquidación de 2014.

Neste punto incorpórase á sesión a Concelleira Sra. Martínez Fernández do BNG.

Debátese brevemente entre o Sr.Alcalde e o Concelleiro Sr.Estevez Fernández do Grupo Popular significando éste que se trata da percepción que ten o seu Grupo do asunto e significa en todo caso que non van aprobar este punto, estimando o Sr.Alcalde que non se está a tratar estritamente o punto que ven na Orde do día.

Rematada a deliberación, a Corporación, por nove votos a favor (dos membros presentes do Grupo do BNG-AA) tres abstencións (dos membros do Grupo Mixto unha e outras dúas dos membros do Grupo do PSG-PSOE) e catro votos en contra (dos membros do Grupo Popular), acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo.

2.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO. 2º TRIMESTRE DE 2015

Dase conta á Corporación do Informe trimestral relativo ao Período Medio de Pagamento. Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2014.

A Corporación municipal dase por enterada.

3.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZO DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. 2º T/2015.

Dase conta á Corporación da emisión de informe sobre cumprimento de prazos Lei 15/2010, de 5 de xullo, pertencente ao 4º Trimestre 2014.

A Corporación municipal dase por enterada.

4.-MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO SÉCTOR LÁCTEO GALEGO.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á Moción epigrafiada formulada polo BNG que se transcribe:

“MOCIÓN EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno moya un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que estabetece agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha Industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terríbel por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen lle recolla case que "regalado".

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarea un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a Situación.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de Ribadeo comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiros e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás Industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

a) Crear un Instrumento Interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, Industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b) Estabelecer, nese ámbito, os criterios e Indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c) Reclamar a modificación do Real decreto 12015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e Industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e Instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas."

Indica tamén o Sr. Alcalde que se ten presentado unha proposta de substitución, unha enmenda, por parte do Grupo Popular da que se dará conta no seu momento.

Intervén a continuación a Sra. Saiz García do Grupo Mixto que se mostra de acordo.

O Concelleiro do PSG-PSOE Sr. Ramos Piñeiro refírese a que tamén seu partido se manifestou cunhas medidas en concreto. Indica que non quere falar en clave de partido xa que do que se trata é do problema existente, que xa fai 30 anos se advertiu de que se ía sufrir neste aspecto polo atraso existente.

Refírese á cota láctea que inicialmente estivo ben pero que a verdade é que logo foi pervertida.

Indica que coñece explotacións nas que se está pagando ata 18 céntimos de euro por litro o cal é lamentable e casos nos que se está pagando por debaixo dos custos de produción e cre que é un erro de moita xente pero que en todo caso se debe apoiar ao sector e buscar entre todos solucións. Indica que apoiarán a Moción.

De seguido toma a palabra o Concelleiro do Grupo Popular Sr. López Penabad. Refire que é un problema moi serio en Galicia e mostra o apoio incondicional do seu Grupo.

Refírese á enmenda de substitución formulada polo seu Grupo da que se da conta nos seguintes termos:

“EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

A MOCIÓN DO BNG en defensa do sector lácteo, Proponse substitución do seu acordo, polo seguinte texto

O pleno do concello de Ribadeo comprométese coa defensa do sector lácteo e insta aos gobernos estatal e autonómico a continuar coa adopción das medidas precisas, dende o seu ámbito competencia, para garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, e a organización de produtores e organizacións agrarias a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para acadar estes obxectivos"

Intervén de novo o Sr. Concelleiro do Grupo Popular para suliñar as medidas que dende a Xunta de Galicia se están tomando tanto a curto como a medio e longo prazo, relatando as mesmas así como outras adoptadas polo goberno central. Manifesta que no tema de prezos a Xunta de Galicia non é competente e que realmente o problema é de oferta e demanda. O voto do seu Grupo será abstención.

Promóvese deliberación entre os diferentes voceiros da Corporación e remata as intervencións o Sr. Alcalde, procedéndose de seguido á votación.

Rematada a deliberación a Corporación por **doce votos a favor** (nove dos membros presentes do Grupo do BNG, dous do PSG-PSOE e un do Grupo Mixto) e **catro abstencións** (do Grupo Municipal do PP) acorda prestar aprobación á Moción de referencia nos propios termos inicialmente plantexados.

Sendo as vinteunha horas e cincuenta minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fé.

O ALCALDE,
Asdo./ FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

O SECRETARIO,
Asdo./ JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE,